

INFORME-RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN PRESENTADAS PARA OPTAR ÁS SUBVENCIONS DE APOIO Á CULTURA DESTINADAS AOS CENTROS E CASAS CULTURALS DO CONCELLO DE PONTEAREAS, QUE TIVO LUGAR O 23 DE SETEMBRO DE 2019.

No Departamento de Cultura do Concello de Ponteareas, a 23 de setembro de 2019, reunidos baixo a presidencia do concelleiro de Cultura e Lingua, don Fernando Groba Bouza, actuando como secretaria a funcionaria dona Silvia María Rodríguez Iglesias, e dona María Belén Giráldez Ojea, como traballadora do departamento de cultura, compoñentes da Comisión de Valoración nomeada por Resolución de Alcaldía.

A Comisión de Valoración comeza a avaliar as solicitudes coas documentacións achegadas polos distintos centros culturais do Concello de Ponteareas, de conformidade coas Bases aprobadas polo Concello e publicadas no BOPPO o 19 de xuño de 2019.

Verifícase se as solicitudes cumpren cos requisitos esixidos na convocatoria, achegaron 21 solicitudes, e dúas quedaron excluídas polos seguintes motivos:

ASOCIACIÓN	MOTIVO
Asociación Cultural San Mateo	Solicitud presentada fóra de prazo
Asociación de Veciños La Comunidad de Pías	Solicitud presentada fóra de prazo

De conformidade coas Bases aprobadas, procédese a avaliar, en función dos criterios de reparto de axudas contidos nas cláusulas a), b) e c) da base


7ª da convocatoria segundo o detalle, e por unanimidade a favor dos membros presentes (3 votos a favor), acórdase:

1º Establecer o valor do punto en 76,55 euros, que se obten unha vez restada a cantidade de 9.500 euros (subvención inicial 300 €, mais 200 € para gastos enerxéticos) concedidas a cada un dos 19 centros participantes, da cantidade total a repartir (50.000 €).

2º Conceder provisionalmente as puntuacións e as subvencións segundo o detalle que se reflicte na taboa seguinte:

SUBVENCIONES PARA CENTROS CULTURAIS 2019

CASAS CULTURAIS	PART. INICIAL + GASTOS ENERXETICOS	TOTAL DE PUNTOS	SUBV. TOTAL
Arcos	500	69	5782,61
Areas	500	61	5170,13
Bugarín	500	22	2184,31
Celeiros	500	24	2337,43
Cristiñade	500	45	3945,18
Cumiar	500	23	2260,87
Fozara	500	17	1801,51
Guláns	500	48	4174,86
Guláns-Couso	500	22	2184,31
Moreira	500	5	882,80
Padróns	500	26	2490,55
Padróns-Cortellas	500	12	1418,71
Ponteareas-Canedo	500	12	1418,71
Prado	500	18	1878,07
Ribadetea	500	14	1571,83
Ribadetea-Cillarga	500	16	1724,95
San Lourenzo	500	7	1035,92
Santiago Oliv.-Muíños	500	42	3715,50
Xinzo	500	46	4021,74
TOTAL	9500	529	50000



Cálculo do valor de cada punto:

Subv. Total – (subv. Inicial fixa + subv. gasto enerxetico) = cantidade para repartir entre o total de puntos: 50.000 - (9500) = 40.500

Total de puntos : 529

$40.500 / 529 = 76,55 \text{ € / punto}$

3º Publicar a presente resolución provisional na páxina web do Concello de Pontareas e no Taboleiro Municipal, concedéndose un prazo de 10 días contados a partir do día seguinte da súa publicación, para formular alegacións.

Levántase a presente acta-resolución da que eu Secretaria da Comisión, dou fe.

Silvia María Rodríguez Iglesias,



Secretaria



Fernando Groba Bouza



María Belén Giráldez Ojea



Vogal

Presidente